

SESIÓN ORDINARIA DE 28 DE XUÑO DE 2.013

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e vinte cinco minutos do día 28 de xuño de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D^a Pilar Méndez Lombao, D^a Tania Díaz Seijas, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE ABRIL DE 2013

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 26 de abril de 2013.

Non xurdindo debate, sométese votación a aprobación da citada acta. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2. RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido das rectificacións propostas, que son as que seguen:

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 152

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN FERREIRA - MOSTEIRO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: FERREIRA

Lindeiros: Norte, leira número 38 de José María Seijas López; Sur, leira número 42 de Bautista Piñeiro Flores; Este, camiño; e Oeste, finca matríz.

SUPERFICIE: 121,85 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 13 de maio de 2013.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedad: Finca 11404, Folio 217, Tomo 1161, Libro 103.

FINCA URBANA Nº 2

MATELA

NOMBRE: FINCA SIPS41-B

NATURALEZA DEL INMUBLE:

servicio público

Prescripción: dotacional de interés publico y social

SITUACIÓN:

Parroquia: MATELA

Núcleo/lugar: PARQUE EMPRESARIAL MATELA

Linderos: NORTE: CALLE HGFEDC; SUR: LIMITE UR; ESTE: FINCA 16 Y OESTE: nueva vía de acceso creada entre el parque empresarial de Matela y el polígono de A Areeira.

SUPERFICIE: 1325 M2

CARGAS: AFECTA EN EL PLAZO DE CINCO AL PAGO DE LAS LIQUIDACIONES QUE EN SU CASO PUEDAN GIRARSE POR EL IMPUESTO SOBRE TRANSMISIONES PATRIMONIALES Y ACTOS JURÍDICOS DOCUMENTADOS. LUGO, 18 DE OCTUBRE DE 2004. Concesión demanial outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data de 16 de maio de 2008

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: adjudicación reparcelación urbanística, de fecha de 29/4/2003 modificada mediante escritura de ejecución de convenio urbanístico autorizada por la Notaria doña Monserrat Trigo Mayor con fecha de 9 de marzo de 2011, núm. Prot. Trescientos sesenta.

SITUACIÓN REGISTRAL:

Registro da Propiedade: FINCA: 11378 (TOMO: 1161; LIBRO 103; FOLIO: 165)

FINCA URBANA Nº 5

MATELA

NOMBRE: FINCA SEL31

NATURALEZA DEL INMUBLE:

Uso público

Prescripción: suelo espacio libre

SITUACIÓN:

Parroquia: MATELA

Núcleo/lugar: PARQUE EMPRESARIAL MATELA

Linderos: NORTE: finca 3; Sur, calle (vía HGFEDC); Este, finca S-31 y Oeste calle (vía HGFEDC).

SUPERFICIE: 11.354m2.

CARGAS: Libre de cargas

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: escritura de compraventa, segregación, permuta y modificación puntual de la reparcelación del parque empresarial de Matela, autorizada por Monserrat Trigo Mayor con fecha de 9 de julio de 2010 y modificada mediante escritura de ejecución de convenio urbanístico autorizada por la Notaria doña Monserrat Trigo Mayor con fecha de 9 de marzo de 2011, núm. Prot. Trescientos sesenta.

SITUACIÓN REGISTRAL:

Registro da Propiedade: Finca 10881, inscrita al tomo 1144, libro 98, folio 181, alta 1.

FINCA URBANA Nº 6

MATELA

NOMBRE: FINCA SEL32

NATURALEZA DEL INMUBLE:

Uso público

Prescripción: suelo espacio libre

SITUACIÓN:

Parroquia: MATELA

Núcleo/lugar: PARQUE EMPRESARIAL MATELA

Linderos: NORTE: FINCA 3; SUR: VIA HGFEDC; ESTE: SIPS 32 Y OESTE: SEL 31.

SUPERFICIE: 21A 76CA

CARGAS: AFECTA EN EL PLAZO DE CINCO AL PAGO DE LAS LIQUIDACIONES QUE EN SU CASO PUEDAN GIRARSE POR EL IMPUESTO SOBRE TRANSMISIONES PATRIMONIALES Y ACTOS JURÍDICOS DOCUMENTADOS. LUGO, 18 DE OCTUBRE DE 2004.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: adjudicación reparcelación urbanística, de fecha de 29/4/2003, modificada mediante escritura de ejecución de convenio urbanístico autorizada por la Notaria doña Monserrat Trigo Mayor con fecha de 9 de marzo de 2011, núm. Prot. Trescientos sesenta.

SITUACIÓN REGISTRAL:

Registro da Propiedade: FINCA: 9079 (TOMO: 1087; LIBRO 81; FOLIO: 3; ALTA:1)

Padrón Catastral: 4645863 PH1744N 0001 OQ

FINCA URBANA Nº 8

MATELA

NOMBRE: FINCA SIPS21

NATURALEZA DEL INMUBLE:

servicio público

Prescripción: dotacional de interes publico y social

SITUACIÓN:

Parroquia: MATELA

Núcleo/lugar: PARQUE EMPRESARIAL MATELA

Linderos: NORTE: LIMITE UR; SUR: CALLE ABC; ESTE: FINCA 4 Y OESTE: FINCA 4A.

SUPERFICIE: 5471 m2

CARGAS: AFECTA EN EL PLAZO DE CINCO AL PAGO DE LAS LIQUIDACIONES QUE EN SU CASO PUEDAN GIRARSE POR EL IMPUESTO SOBRE TRANSMISIONES PATRIMONIALES Y ACTOS JURÍDICOS DOCUMENTADOS. LUGO, 18 DE OCTUBRE DE 2004.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: adjudicación reparcelación urbanística, de fecha de 29/4/2003, modificada mediante escritura de ejecución de convenio urbanístico autorizada por la Notaria doña Monserrat Trigo Mayor con fecha de 9 de marzo de 2011, núm. Prot. Trescientos sesenta.

SITUACIÓN REGISTRAL:

Registro da Propiedade: FINCA: 9081 (TOMO: 1087; LIBRO 81; FOLIO: 5; ALTA:2)

Padrón Catastral: 4645846 PH1744N 0001 WQ

FINCA URBANA Nº 11

MATELA

NOMBRE: FINCA SIPS41-A

NATURALEZA DEL INMUBLE:

servicio público

Prescripción: dotacional de interés publico y social

SITUACIÓN:

Parroquia: MATELA

Núcleo/lugar: PARQUE EMPRESARIAL MATELA

Linderos: NORTE: CALLE HGFEDC; SUR: LIMITE UR; ESTE: nueva vía de acceso creada entre el parque empresarial de Matela y el polígono de A Areira y OESTE, con finca 21 del polígono de Matela.

SUPERFICIE: 1996 M2

CARGAS: AFECTA EN EL PLAZO DE CINCO AL PAGO DE LAS LIQUIDACIONES QUE EN SU CASO PUEDAN GIRARSE POR EL IMPUESTO SOBRE TRANSMISIONES PATRIMONIALES Y ACTOS JURÍDICOS DOCUMENTADOS. LUGO, 18 DE OCTUBRE DE 2004. Concesión demanial outorgada por acuerdo da Xunta de Gobierno Local de data de 16 de maio de 2008

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: adjudicación reparcelación urbanística, de fecha de 29/4/2003 modificada mediante escritura de ejecución de convenio urbanístico autorizada por la Notaria doña Monserrat Trigo Mayor con fecha de 9 de marzo de 2011, núm. Prot. Trescientos sesenta.

SITUACIÓN REGISTRAL:

Registro da Propiedade: FINCA: 11377 (TOMO: 1161; LIBRO 103; FOLIO: 164)

FINCA RÚSTICA Nº 14

SANTA ISABEL

NOME: Dereito real de uso da área recreativa de Santa Isabel. Parcelas 384, 385, 386, 388, 389, 390, 391, 392, 434, 394, 395, 396, 397, 398, 399, 400, 401, 402, 406, 412, 407 y 408 del polígono 25

NATURALEZA DO INMOBLE:

Dereito real de posesión.

Prescripción: Uso público de esparcemento.

SITUACIÓN:

Parroquia: Santa Isabel

SUPERFICIE: 24.800 m2 (aprox).

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesións de uso outorgadas polos titulares catastrais. Posesión pública, pacífica e non interrumpida durante alo menos 20 anos, con xusto título e boa fé.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Non consta.

FINCA URBANA Nº 74

OUTEIRO DE REI

NOME: PARCELA CENTRO DE SALUD

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Dotacional

SITUACIÓN:

Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: Soborvila, parcela do centro médico.

Lindeiros:

Norte, Ángel Montes Méndez; al Sur, Manuel López Fernández, al Este, en línea de 21 metros y 40 cm., con pista; y al Oeste, en línea de 23 metros y 20 cm., con pista (calle Soborvila).

SUPERFICIE: 3.835 ms/2.

CARGAS: Afectación demanial de la edificación destinada a centro médico construida sobre la parcela, a favor de la Xunta de Galicia.

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Escritura de compraventa y agrupación otorgada por Don Antonio Fernández Teijeiro y otros a favor del excmo. Ayuntamiento de Outeiro de Rei, el día 12 de mayo de 1997, ante el notario Alfredo Arturo Lorenzo Otero, núm. 1085.

REFERENCIA CATASTRAL: parcelas 54, 53, 52, 51 y 50 del poligono 72.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Non costa”

O voceiro do BNG afirma que, en tanto o seu grupo opúxose no seu día á modificación de planeamento da que traen causa estas rectificacións do inventario, non pode apoiar a súa aprobación. Polo que atinxe ás parcelas de Santa Isabel, afirma que non tivo tempo para o seu correcto estudo, polo que tampouco pode apoiar a súa inclusión no inventario.

O voceiro do PSdG-PSOE considera que, no que atinxe ás fincas urbanas así coma o dereito de posesión das fincas de Santa Isabel, a complexidade do expediente esixe máis tempo para examinar o expediente e, consecuentemente, anuncia a abstención.

Sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e tres abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e do PSdG-PSOE.

3.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHA

O Alcalde da conta da seguinte proposta de resolución:

“PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ

“José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e á vista da modificación da composición da corporación municipal debida á toma de posesión no cargo de concelleira de dona Tania Díaz Seijas, propono ao Pleno da Corporación Municipal modificar a designación dos representantes do Concello de Outeiro de Rei na Mancomunidad de municipios da Terra Chá, nos seguintes termos:

Mancomunidad de municipios da Terra Chá: José Pardo Lombao e María Begoña Seco Varela”.

Os voceiros do BNG e maila do PSdG-PSOE consideran que os grupos da oposición deberían ter representación, na medida do posible, na Mancomunidad, o que daría lugar a unha xestión máis democrática.

O voceiro do PP sinala que para o BNG e maila para o PSdG-PSOE o que é democrático nun concello non o é no que está a carón, polo que non son quen dar leccións de democracia. Por outra banda, en virtude de unhas eleccións democráticas o equipo de goberno pertence ao Partido Popular e, consecuentemente, é e o que ten que representar ao Concello na Mancomunidad.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de resolución.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e do PSdG-PSOE.

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE 7 DE MAIO DE 2013 DE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA

A instancias do Alcalde, o Secretario da lectura, en viva voz, do seguinte acordo:

“DECRETO DA ALCALDÍA

D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, como consecuencia da variación da composición da corporación municipal producida pola toma de posesión de dona Tania Díaz Seijas como concelleira polo grupo municipal do Partido Popular, acordo:

Modificar o decreto de delegación de 20 de xuño de 2011, de xeito que a delegación das facultades de impulso, supervisión e dirección conferidas á Alcaldía queda redactada como segue:

Mantemento de vías públicas: José Yebra Amorín.

Deportes: Pilar Méndez Lombao.

Agricultura, Gandería e Medio ambiente: Jesús Fernández García.

Cultura e turismo: María Begoña Seco Varela

Xuventude e educación infantil (ludotecas e escola infantil): Tania Díaz Seijas

Servicios Sociais e Igualdade: María José Martínez Vigo.

Montes: Antonio López Pérez.

E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 7 de maio de 2013”.

5.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PSG-PSOE SOBOR A OFICINA DO REXISTRO CIVIL

Iníciase o tratamento do presente punto da orde do día coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, da moción con número de rexistro de entrada 1946 e do seguinte teor literal:

“MOCIÓN INSTANDO AO MANTEMENTO DAS OFICINAS DO REXISTRO CIVIL

EXPOSICIONS DE MOTIVOS.

O Goberno do Partido Popular continua coa súa axenda de recortes, no que parece converteuse no maior exercicio de mentira política da democracia. A pesar de que Mariano Rajoy accedeu ao goberno a través dun programa electoral ultraliberal, prometeu non recortar os servizos dos cidadáns. Non obstante, a realidade foi ben distinta. O Partido Popular non deixou ningunha abertura de osíxeno ao Estado de

Benestar construído durante os diferentes gobernos socialistas, encargado de democratizar o ben común, e o acceso aos servizos públicos.

Tras as reformas laborais, sanitarias e de educación, parece que o foco de atención se dirixe agora sobre a administración xudicial. O Ministro de Xustiza preparou unha reforma do Rexistro Civil para que as súas funcións e carga laboral pasen a depender dos Rexistradores da Propiedade. Nun novo exercicio de neolingua orwelliana, Gallardón afirmou numerosas veces que a supresión dos Rexistros Cívís axudará a desatascar a lentitude dos procesos xudiciais a través do reagrupamento de actividades.

Convén recordar que a reforma do Rexistro Civil para baleiralalo de contido e transferir o seu traballo ao Rexistro da propiedade é un atentado contra a idea emanada da Constitución de entender a xustiza como un ben público. E é que, a pesar de que Gallardón incidiu en numerosas declaracións en que algúns servizos seguirán sendo gratuítos, a realidade é diferente. O proxecto de lei recolle que os gastos dos rexistradores da propiedade e mercantís sufragarán integramente os custos derivados da prestación do servizo público do Rexistro Civil, incluíndo os seus honorarios mediante a aplicación dos aranceis correspondentes. É evidente que a nova reforma é un novo asalto aos maltreitos petos dos cidadáns, que van pasar de ter un servizo público sufragado por eles mesmos vía impostos a ter que repagar un servizo xa pagado.

Cabe recordar ademais que o Rexistro Civil é unha administración indispensable para os cidadáns: inscribir un recen nacido, solicitar certificados de defunción, pedir a patria potestade ou iniciar expedientes matrimoniais son algúns dos servizos que ofrece o Rexistro. É evidente que o PP, novamente, carga sobre os servizos indispensables a factura da crise provocada polo sistema financeiro. A medida atenta contra a necesaria accesibilidade da Administración, pois significa impoñer numerosas trabas aos veciños para acceder ao servizo.

A transferencia dos servizos do Rexistro Civil aos Rexistradores da Propiedade, presupón tamén a desaparición dos Xulgados de Paz municipais. Coa nova contrarreforma do Partido Popular, os veciños sufrirán un grave prexuízo ao afastar a Administración da cidadanía, pois os Xulgados de Paz solucionan numerosos conflitos cotiáns dun xeito rápido e áxil.

Polo exposto, e ante o novo machadazo que formula o Goberno de Mariano Rajoy, o Grupo Municipal Socialista do Concello de OUTEIRO DE REI expón para o seu debate, e posterior aprobación, a seguinte:

ACORDO

O Concello de OUTEIRO DE REI manifesta o seu total rexeitamento a calquera tipo de privatización do servizo de Rexistro Civil.

O Concello de OUTEIRO DE REI insta á Xunta de Galicia para que interceda polo cidadáns que representa, esixindo ao Goberno Central o servizo ofrecido polo Rexistro Civil nas mesmas características de proximidade e custo que se viñeron ofrecendo ata agora.”

Trala defensa da moción polo voceiro do PSdG-PSOE, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, quen afirma que a modificación que se propón resposta unicamente a conveniencias económicas e non á unha mellora nas prestacións aos cidadáns, e alonxa á xustiza e o rexistro civil da poboación.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular propón unha emenda transaccional ao texto da moción, e que sería a seguinte: “instar ao goberno da nación que as reformas lexislativas que se adopten en materia de xustiza garantan a súa proximidade aos cidadáns, que se aproveiten as infraestructuras iniciais e que os trámites de carácter obrigatorio, coma inscrición de nacementos e defuncións, teñan carácter gratuíto”.

O voceiro do PSdG-PSOE afirma que existen máis trámites que a inscrición do nacemento e a defunción, como son os expedientes matrimoniais ou a patria potestade, e que deberían seguir sendo gratuítos.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular propón incluír na emenda transaccional a gratuidade dos expedientes matrimoniais ou a patria potestade.

O voceiro do PSdG-PSOE acepta a emenda si se mantén o primeiro parágrafo do acordo e o segundo se substitúe polo proposto na emenda.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular formula a seguinte redacción definitiva da emenda transaccional:

“O Concello de Outeiro de Rei manifesta o seu rexeitamento á privatización do servizo do Rexistro Civil.

O Concello de Outeiro de Rei insta ao Goberno central que as reformas lexislativas que se adopten en materia de xustiza garantan unha administración de xustiza de calidade e próxima aos cidadáns, que se aproveiten as infraestructuras iniciais e que os trámites de carácter obrigatorio, coma inscrición de nacementos, actas de defunción, patria potestade e expedientes matrimoniais teñan carácter gratuíto”.

O voceiro do BNG pregunta cómo queda o tema do xulgado de paz. Asemade, critica que a vaguidade da emenda transaccional no que toca á proximidade da xustiza aos cidadáns.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular resposta que este non é un tema a tratar nesta moción, que versa sobor o rexistro civil e non sobor os xulgados de paz, e que non cabe esquecer que, polo de pronto, non existe un proxecto de lei, senón unicamente un informe.

Rematado o debate sométese a moción coa emenda transaccional á votación.

Realizada a votación, a moción emendada resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

6.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POPULAR

Iníciase o tratamento do presente punto da orde do día coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do PP, da moción con número de rexistro de entrada 1954 e do seguinte teor literal:

“O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A partir do ano 2006 Galicia está padecendo violentos actos de terrorismo cuxa autoría a banda Resistencia Galega ten reivindicado en varios casos. Entre eles están múltiples atentados consistentes na colocación e denotación de diversos artefactos explosivos e incendiarios en sedes de partidos políticos, organización sindicais ou empresariais, entidades financeiras, empresas, administracións públicas, etc.; así como nas vivendas de persoas relacionados co ámbito xudicial, universitario ou político.

Os partido democráticos defendemos a dignidade do ser humano e os dereitos e liberdades que lle son inherentes, especialmente o dereito á vida e á integridade física e moral e propugnamos a democracia e o Estado de Dereito como base dunha convivencia en pluralismo, liberdade e igualdade. En consecuencia, opoñémonos e condenamos o uso da violencia para defender calquera tipo de posicionamento ou postulado político ou ideolóxico e tamén rexeitamos calquera tipo de declaración ou acción que lexitime ou xustifique o terrorismo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Outeiro de Rei eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Manifestamos o noso rexeitamento e condena ao terrorismo, e por suposto o levado a cabo por Resistencia Galega.
2. Solidarizámonos coas vítimas destes atentados e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición de Xustiza dos responsables destes actos.
3. Rexeitamos calquera tipo de acción o declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos”.

Rematada a defensa da moción, toma a palabra o voceiro do PSdG-PSOE, quen se ben apoia o rexeitamento de todo o terrorismo veña de onde veña, crítica que na moción se faga alusión a un grupo determinado cando a día de hoxe non existe unha sentenza firme que o califique como grupo terrorista. Considera que isto é adiantarse a unha decisión xudicial que aínda non recaeu. A presunción de inocencia así o esixe aínda que os indicios apunten a iso.

O voceiro do BNG resalta que o BNG sempre estivo en contra da violencia, de todo tipo de violencia, tamén da violencia de Estado, coma a invasión de Iraq da que foi cómplice o Presidente Aznar e na que se masacraron milleiros de homes, mulleres e pequenos en contra das institucións internacionais. Xa que estamos a tratar de violencia e terrorismo é unha boa ocasión de disculparse por iso.

Tamén o BNG está a espera da condena do Franquismo, no que houbo violencia e asasinatos de persoas polas súas ideas.

Afirma que a presentación desta moción unicamente ten coma fin participar na campaña do Partido Popular de criminalizar ao BNG. Con isto se busca amedrentar á xente. O Partido Popular crea problemas e que pretende é que a xente non proteste, e para iso os asustan ou mallan na xente, coma sucedeu no 15M ou fai pouco no concello de Guitiriz.

Tamén buscan tapar os problemas reais: a corrupción, os recortes, a pobreza, os desfiuzamentos..., desviando a atención da opinión pública. Iso é violencia: que a xente non teña que comer, recortes en sanidade ou educación, suicidios pola desesperación da xente ante a situación económica. E iso é polo que ten que mirar o seu partido.

O voceiro do PP recorda que membros de Resistencia Galega recoñeceron que colocaron artefactos explosivos. Polo tanto, e desde ese recoñecemento, é lexítimo calificar iso como terrorismo. E desde logo que o Partido Popular está en contra de todo terrorismo.

E cando alguén pon na mesmo lado os desfiuzamentos e a colocación de bombas é que está moi confundido, porque non é o mesmo nin se lle parece. E recorda que os desfiuzamentos exprés foron implantados polo anterior goberno do PSOE. E tampouco se parece a colocar bombas a necesidade de gastar menos como consecuencia da situación económica desastrosa na que deixou o PSOE a este país.

E polo que se refire a Iraq, recórdalle ao voceiro do BNG que España interviu militarmente en dous ocasións, unha con Felipe González e outra con Aznar, e en ambas ocasións estaba Bush de Presidente de EEUU. Claro que coma González era socialista aos ollos do BNG esa guerra non era tal.

Polo franquismo ninguén dos que estamos aquí ten que pedir disculpas, xa que ninguén dos que aquí estamos tivo nada que ver coa dictadura. E queda fora de toda dúbida que estamos en contra de todo tipo de dictadura, sexa de dereitas ou de esquerdas, que son a maioría.

O voceiro do BNG insiste en que o PP é o único partido que a día de hoxe non condenou o franquismo, polo tanto quen debe pedir disculpas non é ninguén dos presentes, senón o Partido Popular.

Tamén anuncia que o BNG non apoiará a moción, xa que ten por obxecto tapar a gravísima situación social que está a sufrir a cidadanía. Levan dous anos gobernando e a taxa de paro subiu de forma exponencial medrando a pobreza. E iso é o que se pretende tapar con mocións coma esta, así coma vencellar a partidos totalmente democráticos e de clarísima traxectoria pacífica coa violencia.

O voceiro do PSdG-PSOE amosa a súa conformidade co fondo da moción, xa que están totalmente en contra de todo terrorismo. Por iso anuncia que votará a favor da moción se ben quere facer constar que o seu rexeitamento se estende a todo grupo terrorista.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular está de acordo co que afirma o voceiro do PSdG-PSOE, polo que propón modificar o punto primeiro da moción de xeito que quede redactado como segue:

“Manifestamos o noso rexeitamento e condena ao terrorismo e por suposto ao levado a cabo por Resistencia Galega así como calquera grupo terrorista ou que exerza a violencia”.

O voceiro do PSdG-PSOE acepta a proposta de modificación.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular nega que con esta moción se pretenda tapar nada, e defenden que cada opción política poida presentar as mocións que estimen convintes. O que non pode ser é tapar a boca aos rivais políticos e predicar democracia ao tempo.

Recorda que coa reforma laboral coa que non se podía despedir destruíronse tres millóns de empregos. E non sabe se a situación está ou non controlada, pero no último mes creouse emprego. E se quere falar de violencia dos recortes, haberá que ver quen é o causante da dramática situación actual. Quén afundiou a economía española mentres

negaba a crise e quén xerou esta espiral de destrucción de emprego que unicamente agora parece deterse.

Pero o que nunca fará o PP será equiparar a forza empregada lexitimamente por un Estado democrático no exercicio do monopolio no uso da forza que lle outorga a soberanía popular co uso da violencia por grupos terroristas.

Rematado o debate, sométese a votación a moción coa emenda transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con dez votos a favor e un en contra, pertencente ao concelleiro do grupo municipal do BNG.

E non existindo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as catorce horas e vintecinco minutos, da que eu, Secretario, estendo a presente acta co visto é praxe do sr. Alcalde.

O Secretario

Vº e praxe; O Alcalde